

## **Acta da reunión ordinaria da Comisión Científica do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) do 31 de maio de 2023**

Participaron na xuntanza:

Clara Asunción Tovar Rodríguez  
Humberto Javier Michinel Álvarez  
Higinio González Jorge  
David Nicholas Olivieri Cecchi  
María José Lado Touriño  
Enrique Aldao Pensado (investigador en formación)  
Ángel Paredes Galán (director)  
Elena Martín Ortega (secretaria)

Ás 12h do mércores 31 de maio de 2023, e previa convocatoria do venres 26 de maio de 2023, reúnese na Sala de Xuntas do Edificio Politécnico do Campus de Ourense a Comisión Científica do Instituto de Física e Ciencias Aeroespaciais (IFCAE) da Universidade de Vigo.

Trátanse os asuntos da orde do día:

### **Orde do día**

- 1.** Constitución da comisión científica.
- 2.** Informe do director.
- 3.** Ratificación, se procede, do proceso de adscrición de membros.
- 4.** Debate sobre a estratexia a seguir polo instituto.
- 5.** Rolda aberta de intervencións.

### **Deliberacións e acordos**

- 1.** Constitución da comisión científica.

Constitúese.

**2. Informe do director.**

O director do centro informa sobre os órganos de goberno do instituto e as súas funcións e presenta a lista dos membros. Asimesmo, informa sobre diversos asuntos de xestión do instituto, entre outros: existencia da páxina web do instituto nos tres idiomas (castelán, galego e inglés), intención de posta en marcha dun plan de igualdade no instituto, informe do sesgo por sexo dos membros do instituto e órganos de gobernanza, actividades actuais en proxectos de investigación e publicación acadadas polos membros do instituto, e actividades de internacionalización do centro. Infórmase do orzamento actual do instituto.

**3. Ratificación, se procede, do proceso de adscrición de membros.**

Ratifícase por asentimento a adscrición de membros aprobada pola Xunta Directiva.

**4. Debate sobre a estratexia a seguir polo instituto.**

Debátese sobre accións a facer no instituto, como solicitar nun futuro a súa acreditación, solicitar un programa de doutorado internacional e realizar actividades de difusión. Proponse organizar unha xuntanza de tódolos membros do instituto aproveitando sinerxias con eventos internacionais na zona de Ourense.

**5. Rolda aberta de intervencións.**

Proponse organizar unha reunión en xuño ou xullo de tódolos membros do instituto para dar a coñecer as distintas liñas de investigación entre os mesmos.

Sen máis asuntos que tratar, pechouse a sesión ás 13:30h.

En Ourense, a 31 de maio do 2023.

Elena Martín Ortega  
Secretaria do IFCAE